RESOLUCIÓN

ARACELI GESTIDO RODRIGUEZ (1 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 29/06/2026
HASH: 8456aa45f6cdd797ebc6e577e61d9838

LUIS ALBERTO GIL GARCIA (2 para 2)
SECRETARIO
Data de Sinatura: 30/06/2026
HASH: 0c1cc36413a4b213b606a742d0811bee

Expediente núm.: 3055/2026
Resolución con número e data establecidos á marxe
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Asunto do Expediente: PS-26/03 PLAN + PROVINCIA 2026_LIÑA III_ACTIVACIÓN DO EMPREGO

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Ao remate do proceso selectivo convocado por acordo de Xunta de Goberno Local de data 25/05 /2026 para a selección e posterior contratación de 9 persoas traballadoras desempregadas non ocupadas, ao abeiro da subvención outorgada pola Deputación de Pontevedra no marco do Plan de obras e servizos de competencia municipal Plan +Provincia para a activación do Emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (liña 3) por resolución presidencial da Deputación Provincial de Pontevedra de data 24/04/2026, por decreto número 2026-1280 de 17/06/2026 dispúxose a contratación das 9 persoas seleccionadas con cadansúa listaxe de substitucións de acordo coas bases excepto para o posto de oficial/a de emerxencias para o que só as dúas persoas seleccionadas superaron o proceso.

Con data 17/06/2026 unha das dúas persoas designadas para ocupar a praza de oficial/a de emerxencias renunciou formalmente á contratación sen que puidese substituírse por inexistencia de listaxe de reserva nesta categoría o que motivou que por Decreto Número: 2026-1352 de 26/06/2026 esta Alcaldía dispuxo que se ampliase a sondaxe relativa a devandita praza e que se tramitase a selección entre os aspirantes remitidos pola oficina de emprego que presentasen a súa solicitude con aplicación das bases aprobadas por acordo de Xunta de Goberno Local de data 25/05/2026 que rexeron o proceso de selección inicial e polo tribunal inicialmente designado, a composición do cal se publica novamente a efectos, no seu caso, da formulación de recusación contra dos membros da comisión de selección, ou abstención por parte destes.

Tomando en consideración canto antecede, en aplicación do previsto nas bases que rexen a selección adoptase a seguinte

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Aprobar e publicar no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello a composición efectiva do Tribunal a efectos, no seu caso, da formulación de recusación contra dos membros da comisión de selección, que será a seguinte:

PRESIDENTE: Alfonso Sestay Martínez

DECRETO Número: 2026-1363 Data: 29/06/2026

Cod. Validación: 954XDR2T373H3E5HQMRDW4JNF
Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

SECRETARIA: Alfonso Moldes González

Vogal 1ª: J. Benito Freire Argibay

Vogal 2º: María Isabel Rodríguez Martínez

Vogal 3º: Josefa Martínez Hermelo

Suplente indistinta: Francisco Alfaro Mora

Suplente indistinta: Eva María Gallego Fernández

Suplente indistinto: X. Carlos Barreiro Miranda

Suplente indistinto: María Idoya Chapela Silva

Suplente indistinto: María del Mar Núñez Villar

SEGUNDO: Aprobar e publicar igualmente a listaxe de persoas admitidas ao proceso selectivo indicando que non contando con exclusións ten o carácter definitivo e que é a seguinte:

PERSOAS ADMITIDAS OFICIAL/A EMERXENCIAS

APELIDOS E NOME	DNI
RODRÍGUEZ BERMÚDEZ, DARÍO EZEQUIEL	***1863**

TERCEIRO: De acordo co disposto na base cuarta aprobar a convocatoria para os chamamentos da primeira proba da oposición de cada categoría que segundo o disposto polo tribunal de selección é a seguinte:

PROBA DE COÑECEMENTOS			
PRAZA	DATA	HORA	LUGAR
Ofic. emerxencias	30/06/2026	10:00	SALÓN DE PLENOS (CASA DO CONCELLO)

PROBA GALEGO			
PRAZA	DATA	HORA	LUGAR
Ofic. emerxencias	16/06/2026	11:00	SALÓN DE PLENOS (CASA DO CONCELLO)

O chamamento no lugar e horas indicado será único, quedando excluído/a quen non compareza, de acordo co disposto nas Bases. Deberán presentar o seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir cando así llo requira algún dos membros do Tribunal.

De acordo co estipulado na base sétima, as persoas aspirantes que acrediten ao Tribunal, antes da realización da proba, estar en posesión do CELGA axeitado en función da titulación requirida para o

DECRETO Número: 2026-1363 Data: 29/06/2026

Cod. Validación: 954XDR2T373H3E5HQMRDW4JNF
Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

posto ao que optan, ou o seu equivalente no ámbito laboral (diplomas de Iniciación ou Perfeccionamento), quedarán exentas da proba de Lingua Galega, recibindo neste caso 2 puntos.

CUARTO: Publicar a presente resolución de acordo co disposto nas bases

RECURSOS/ALEGACIÓNS

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer un dos seguintes recursos:

a) Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo Tribunal de Instancia de Pontevedra, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-1363 Data: 29/06/2026

Cod. Validación: 954XDR2T373H3E5HQMRDW4JNF
Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3